



MEMORIA ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN DA RPT DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

A estrutura orgánica vixente da Axencia Galega de Innovación é a establecida no Decreto 15/2014, do 6 de febreiro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega de Innovación e a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG nº 34, 19 de febreiro), que determina a existencia dunha Dirección con rango de director/a xeral, e de catro Áreas: Área de Xestión, Área de Programas, Área de Servizos, Área de Centros e cinco Departamentos (Departamento de Xestión de Axudas, Departamento de Xestión Económica e Orzamentaria, Departamento de Xestión da Innovación, Departamento de Servizos e Observatorio Innovación e Departamento de Programación de Centros).

A RPT vixente de Gain é a aprobada nos acordos co Consello da Xunta de Galicia do 15 de abril de 2010 (DOG núm. 78, 27 de abril) e 5 de xuño de 2014 (DOG núm. 108, 9 de xuño).

A modificación da RPT que se propón ten os seguintes obxectivos: adaptar a RPT como consecuencia da modificación dos Estatutos da Axencia Galega de Innovación. En consecuencia, a RPT contempla as seguintes modificacións:

- 1- Creación dunha praza de enxeñeiro/a en execución de sentenza xudicial.
- 2- Creación dunha xefatura de sección de xestión financeira e contratación.
- 3- Adaptación e actualización á nova estrutura da Gain da RPT existente de persoal funcionario, herdada en gran parte da desaparecida Dirección Xeral de I+D+i.

I) Valoración económica

A modificación proposta implica a creación de 2 novos postos de traballo, un deles en execución de sentenza, con un coste, incluída a Seguridade Social, de





cento nove mil cento dezaseis euros con trinta e tres céntimos (109.116,33 €), de acordo co seguinte desagregamento:

Táboa I- Postos de nova creación				
Denominación posto actual	Tipo Posto	Nivel	Subgrupo	Custo estimado
Xefatura de Sección de xestión financeira e contratación	Funcionario	25	A1	52.823,90
TOTAL				52.823,90

Táboa II- Posto de nova creación en execución de sentenza				
Denominación posto actual	Tipo Posto	Nivel	Subgrupo	Custo estimado
Enxeñeiro/a Función Facultativas	Funcionario	26	A1	56.292,43

Para o financiamento da praza de xefatura de sección de nova creación propónse a amortización dos postos que de seguido se relacionan e cuxa cobertura non resulta imprescindible para o desenvolvemento das competencias da Axencia Galega de Innovación:

Táboa III - Postos a amortizar			
Liña	Denominación	Código	Custo
4165	Posto base Subgrupo A2	IN.C03.00.000.15770.008	36.788,94
4165	Posto base Subgrupo C2	IN.C03.00.000.15770.018	26.387,39
TOTAL			63.176,33

Comparando as táboas I e III pódese observar que a amortización de postos é suficiente para dotar orzamentariamente a creación dos postos sinalados, quedando un remanente de 10.352,43 €.





Para dotar de crédito a praza de enxeñeiro/a que se debe crear en execución de sentenza, tramitarase unha modificación orzamentaria nos termos indicados no artigo 8 da Lei 2/2018, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. De acordo coa alínea Un letra c) dese artigo, non poderán tramitarse expedientes de transferencias de crédito que atinxan os capítulos VI e VII cando deles derive incremento do gasto corrente pero esa restricción non será aplicable cando os incrementos do capítulo I se deriven do cumprimento de sentenzas xudiciais firmes ou autos de obrigada execución, motivo polo cal realizarase unha transferencia desde a aplicación orzamentaria 2019.09.A3.561A.6** por importe de 56.292,43.

Santiago de Compostela 20 de marzo de 2019

A Directora da Axencia Galega de Innovación

P.A. Resolución do 16/06/2014 da Presidencia da Axencia (DOG núm.127, 07/07/14)

O Director da Área de Xestión



Benito Fernández Rodríguez